



ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

En Santiago de Compostela, asinado electronicamente

REUNIDAS

Dunha parte, **D. José González Vázquez**, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73 do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa presidencia.

Doutra, **Dna. Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP.

EXPOÑEN

Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a EGAP subscribiron o 14/07/2025 un convenio de colaboración cuxo obxecto é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos,



materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Que, unha vez asinado o devandito convenio, detéctanse erros de transcripción con respecto ao modelo de convenio de colaboración informado favorablemente o 19/06/2025 pola persoa titular da Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes, recoñecéndose capacidade suficiente na representación que ostentan, acordan a subscrición da presente Addenda do Convenio de Colaboración asinado o 14/07/2025, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modificación da cláusula terceira do convenio

A cláusula terceira queda redactada da seguinte forma:

"TERCEIRA.- Procedemento de definición da acción formativa

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 235, do 3 de decembro), as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das Actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

- A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.





- C. Programa e número de horas lectivas.
- D. Lugar, data e horario de realización.
- E. Sistema de avaliación do alumnado.
- F. Criterios de selección, que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, do 23 de maio).
- G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das Administracións Públicas de Galicia.
- H. Perfil do profesorado que impartirá as clases e, se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.

2. Unha vez recibida a memoria, a EGAP examinará e comprobará o cumprimento dos anteditos requisitos. No caso de que se cumpran, así o comunicará á entidade promotora, quen a continuación deberá manifestarlle á EGAP o prazo de matrícula cunha antelación suficiente ao comezo da acción formativa de cara a que a EGAP poida publicar no *Diario Oficial de Galicia* e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa e os alumnos poidan matricularse, o que deberán facer na área de matrícula da EGAP <https://egap.xunta.es/matricula>.

3. Así mesmo, segundo o establecido na antedita resolución, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das Actividades de Formación da EGAP, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria- resumo que faga referencia aos seguintes aspectos:

- a) A relación de docentes cos seus respectivos currículos para o caso de que non estiveran determinados no momento de presentarse a memoria anterior.
- b) Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do





certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.

c) Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase á EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.

d) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polas persoas participantes.

e) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.”

SEGUNDA.- Modificación da cláusula sexta do convenio

A cláusula sexta queda redactada da seguinte forma:

“SEXTA.- Orzamento

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.”

TERCEIRA.- Integración no convenio

A presente addenda forma parte integral do Convenio de Colaboración subscrito o 14/07/2025 entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a EGAP, e interpretarase conxuntamente con este.

CUARTA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Esta addenda ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.





Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade desta addenda ao convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento desta addenda, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdicional do contencioso-administrativo.

QUINTA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos

As persoas asinantes desta addenda manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nesta e mailo resto de especificacións nela contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, as persoas asinantes desta addenda manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

SEXTA.- Vixencia

Esta addenda estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes.

Esta addenda obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese electronicamente.

Pola Consellería de Emprego, Comercio
e Emigración,

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

D. José González Vázquez

Dna. Sonia Rodríguez-Campos González

